- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180216287
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/04/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/04/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/04/2018 13:34:44		Fecha: 13/04/2018 Hora: 13:34





Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Vicente Martínez Paz**, de datas 23/01/2018 e 01/03/2018 (Rexistros de entrada nº 933 e 2.965), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa, baixocuberta e piscina anexa, no lugar de Salmón, Polígono 938, Parcela 1778, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A938017780000UG e



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180216287
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/04/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/04/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/04/2018 13:34:44		Fecha: 13/04/2018 Hora: 13:34





15074A938017780001IH.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 08/03/2017, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 21/03/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Vicente Martínez Paz **LICENZA DE OBRAS (Nº 15/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, BAIXOCUBERTA E PISCINA ANEXA** no lugar de Salmón, Polígono 938, Parcela 1778, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A938017780000UG e 15074A938017780001IH, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de decembro de 2017, do Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de febreiro de 2018 redactados polo Sr. Fernando Losada Liste, (arquitecto Col. nº 1.271) así como do Estudo Xeotécnico redactado polo Sr. Benito Pereira Rascado (enxeñeiro agrónomo Col. 611) con sinatura dixital de data 30 de novembro de 2017:

- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal **superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, refléxase unha superficie de cesión en total de 255,46 m² nos termos do plano de cesión obrante no expediente**), e completar a dotación de **servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 834,61 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:





- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180216287
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/04/2018	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/04/2018	Fecha: 13/04/2018 Hora: 13:34
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/04/2018 13:34:44		





municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista”.

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

3.- Vistos os escritos presentados por **José Manuel Martínez Oujo**, de datas 16/01/2018 e 05/02/2018 (Rexistros de entrada nº 607 e 1.565), nos que solicita licenza de obras para construción de muro de contención no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3935302MH9133N0001DJ.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 06/02/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. José Manuel Martínez Oujo **LICENZA DE OBRAS (Nº 16/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN SITUACIÓN DE MEDIANERÍA** e para **REFORZO DUNHA CONSTRUCCIÓN AUXILIAR (ALPENDRE)**, no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3935302MH9133N0001DJ, nos termos do Proxecto Técnico visado polo C.O.E.T.I de data 22 de setembro de 2017 redactado polo Sr. José Manuel Dios Tomé, (enxeñeiro técnico industrial Col. nº 2.166).

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo,*





no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180216287
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -	13/04/2018	Fecha: 13/04/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL -	13/04/2018	Hora: 13:34
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES -	13/04/2018 13:34:44	





QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





4.- Visto o escrito presentado por **CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.A.**, de data 10/11/2017 (Registro de entrada nº 17.917), no que renuncia a tramitación do expediente de licenza de obra para construción de edificio de 203 vivendas no Solar nº 1, Urbanización O Rueiro, Riveira, e solicita a devolución das taxas aboadas.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 29/01/2018, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2018, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/03/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da solicitude de licenza municipal de obra presentada pola entidade CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.A. para levar a cabo a construción de edificio de 203 vivendas no Solar nº 1, Urbanización O Rueiro, Riveira, en parcelas con ref catastrais nº 0618601NH0101N0001GF - 0618603NH0101N0001PF - 0618602NH0101N0001QF, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMIENTO E O ARCHIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 259/2018, formulada por CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.A., coa seguinte contía: **277.175,17 €.**

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- Visto o escrito presentado por Mateo Pena Fariña en representación de **Fernando Paz Pérez**, de data 20/02/2018 (Registro de entrada nº 2.234), no que renuncia expresa a tramitación do expediente de licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Gude, Artes, e solicita a devolución das taxas aboadas.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 27/02/2018, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/03/2018, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/03/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da solicitude de licenza municipal de obra presentada polo Sr. Fernando Paz Pérez para levar a cabo a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Gude, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº





15074A001002310000KF e 15074A001010330000KY, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 29/2017, formulada por Fernando Paz Pérez, coa seguinte contía: **2.575,00 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 6/17 - ELENA VIDAL VILA.

POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Construcción de peche con fronte a camiño sen contar co preceptivo titulo habilitante municipal e sen respetar a aliñación obrigatoria establecida no PXOM.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

SITUACIÓN: Lugar de Caramcheiro, Avda da Coruña nº 181, Riveira.

REFª CATASTRAL: 1432124NH0113S0001PF.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sra. Elena Vidal Vila.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. Elena Vidal Vila presentábase, en escrito rexistrado de entrada na data 7 de marzo de 2017, (Rexistro de entrada nº 3.567), comunicación previa de obra menor para executar un peche lateral en parcela con refª catastral nº 1432124NH0113S0001PF sita no lugar de Caramcheiro, Avda da Coruña nº 181, Riveira.

SEGUNDO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite **informe desfavorable** na data 23 de marzo de 2017 en relación á comunicación de obra presentada, cpo seguinte tenor literal:

“
(...)”

ASUNTO: PECHES CON FRONTE A CAMIÑO NO LUGAR DE “CARAMECHEIRO”, SOBRE PARCELA URBANA SITA NA AVENIDA DA CORUÑA Nº 181, RIVEIRA.

SOLICITANTE: ELENA VIDAL VILA
ENTRADA Nº: 3567 (18.11.2016)
ORZAMENTO: €





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Vista a solicitude e examinada a documentación técnica presentada do expediente de Comunicación Previa e, e de acordo cos ordenación prevista no PXOM de Riveira, así como na lexislación urbanística vixente e sectorial de aplicación, compre informar o seguinte:

INFORME/REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:

Deberase de aportar INSTANCIA OFICIAL DE COMUNICACIÓN PREVIA, e onde ademais de describir as obras a realizar mediante a preceptiva documentación técnica, deberá de figurar de xeito expreso que Comunicación Previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación, de acordo co establecido ao respecto polo artigo 146.1.b) da LSG. E por outra banda, aportar no seu caso as autorización sectoriais preceptivas (Augas de Galicia, en caso de presenza de regatos dentro da zona de policía que poida afectar a obra en cuestión). Comentar tamén que ditas autorizacións teñen asignado un período de validez.

Aportar memoria técnica, onde se describa e valore economicamente a obra a realizar, así como a xustificación urbanística, aportando plano de emprazamento a escala mínimo de 1/300, onde se reflicte a situación do peche en relación co aliñamento oficial do camiño, que no presente caso e de acordo co artigo 89 do PXOM é de 4 metros ao eixo.

Mentres non se aporte a documentación técnica precisa, así como a instancia de Comunicación Previa nos termos que regula o actual procedemento o artigo 361 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, a C. Previa presentada con data de 07.03.2017 carece de toda validez e eficacia aos efectos oportunos.

Riveira, 23 de marzo de 2017.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

(...)
“

TERCEIRO.- A comunicación do informe desfavorable polo que non se autorizaba a execución do citado peche lateral en parcela con refª catastral nº 1432124NH0113S0001PF sita no lugar de Caramcheiro, Avda da Coruña nº 181, Riveira, efectuouse á Sra. Elena Vidal Vila o luns 27 de marzo de 2017.

CUARTO.- Por último tras as denuncias telefónicas recibidas na casa Consistorial no que se denunciaba a construción dun muro de peche sen o título habilitante municipal, o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar visita de comprobación emite informe na data 12 de abril de 2017 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN CUNHAS OBRAS, RECENTEMENTE REALIZADAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PECHER CON FRONTE AO CAMIÑO NO LUGAR DE “CARAMECHEIRO”, E QUE PECHA A PARCELA URBANA SITA NA AVENIDA DE A CORUÑA Nº 181, RIVEIRA, E QUE NON CONTAN CO PRECEPTIVO TÍTULO HABILITANTE.

DENUNCIANTE: DE OFICIO.

INTERESADO: ELENA VIDAL VILA.

ANTECEDENTES:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180216287
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/04/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/04/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/04/2018 13:34:44		Fecha: 13/04/2018 Hora: 13:34





a.- Con data de 7 de marzo de 2017 dona Elena Vidal Vila, veciña de Santiago de Compostela, en con domicilio na rúa Frei Rosendo Salvado, presenta instancia de Comunicación Previa, para a realización das obras de peche lateral de parcela sobre a que se empraza o inmovible nº 181 da avenida da Coruña, aportando plano de situación e croquis coa implantación do mesmo, e a executar con postes e malla metálica.

b.- Con data de 23 de marzo de 2017, mediante oficio de Alcaldía, remítese informe de requirimento redactado por este técnico municipal da mesma data, e onde se indicaba o seguinte:

INFORME/REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:

Deberase de aportar INSTANCIA OFICIAL DE COMUNICACIÓN PREVIA, e onde ademais de describir as obras a realizar mediante a preceptiva documentación técnica, deberá de figurar de xeito expreso que Comunicación Previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación, de acordo co establecido ao respecto polo artigo 146.1.b) da LSG. E por outra banda, aportar no seu caso as autorización sectoriais preceptivas (Augas de Galicia, en caso de presenza de regatos dentro da zona de policía que poida afectar a obra en cuestión). Comentar tamén que ditas autorizacións teñen asignado un período de validez.

Aportar memoria técnica, onde se describa e valore economicamente a obra a realizar, así como a xustificación urbanística, aportando plano de emprazamento a escala mínimo de 1/300, onde se reflicte a situación do peche en relación co aliñamento oficial do camiño, que no presente caso e de acordo co artigo 89 do PXOM é de 4 metros ao eixo.

Mentres non se aporte a documentación técnica precisa, así como a instancia de Comunicación Previa nos termos que regula o actual procedemento o artigo 361 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, a C. Previa presentada con data de 07.03.2017 carece de toda validez e eficacia aos efectos oportunos.

c.- Con data de 27 de marzo a solicitante recibe a notificación. Acompañamos copia do acuse de recibo. DOCUMENTO ANEXO Nº 1.

d.- En datas recentes recibíronse varias queixas de veciños do lugar, e poñendo en manifesto que se teñen realizado as obras de construción do citado muro. Este técnico xa xirara visita ao lugar con anterioridade a redacción do citado informe de requirimento, e con posterioridade á entrada da instancia de C. Previa, e na que se puido constatar a non presenza do muro, hoxe denunciado. Realízase posterior vista, de data de 12 de abril de 2017, e onde se puido comprobar que se ten executado o muro nas condicións similares ao croquis aportado na citada instancia.

INSPECCIÓN E INFORME DE CONCLUSIÓN:

1.- Realizada inspección ao lugar o día 12 de abril de 2017, puido comprobarse que a obra está executada recentemente; ou sexa, entre a data da primeira visita e esta segunda de comprobación, nestes últimos dez días.

2.- As obras non se axustan ao ordenamento xurídico, xa que tal e como se aclara no informe de data de 23 de marzo pasado, o peche deberá de axustarse ao aliñamento oficial (4 metros do eixo). Na comprobación realizada puido constatar que o mesmo garda unha distancia ao eixo do camiño, que varia entre 1,50 – 1,80 metros do eixo do mesmo. En consecuencia, debemos de significar que a citada construción é ilegal, non conta co preceptivo título habilitante; tal e como xa se advirte no informe de data de 23 de marzo de 2017, a saber:

Mentres non se aporte a documentación técnica precisa, así como a instancia de Comunicación Previa nos termos que regula o actual procedemento o artigo 361 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, a C. Previa presentada con data de 07.03.2017 carece de toda validez e eficacia aos efectos oportunos.

3.- Ante o exposto, e toda vez que as presentes obras non contan coa autorización preceptiva que as habilite, non se axustan á legalidade urbanística, nin tampouco resultan legalizables, polo que procede incoar expediente de reposición da legalidade, e dándolle audiencia ao interesado, tal e como establece ao respecto o artigo 152 da lei 2/2016 do Solo de Galicia. Cabe sinalar ao respecto que a obra ilegal, e dada a recente construción da mesma, tampouco pode considerarse que o prazo de prescripción puidera estar cumprido, polo que tan só procede a determinación da demolición do peche.

E coa ata aquí exposto dou por concluído o presente informe.





Riveira, 12 de abril de 2017.

Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

Acompañamos fotografías realizada o día da visita (12.04.2017)

(...)

“

QUINTO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 12 de abril de 2017 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 6/17 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

SEXTO.- A notificación do citado Decreto practicouse á Sra. Elena Vidal Vila na data 20 de abril de 2017.

SÉTIMO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

OITAVO.- Notificado este emprazamento a Sra. Elena Vidal Vila presenta en escrito rexistrado de entrada na data 16 de maio de 2017, (Rexistro de entrada nº 7.928), alegaciones ao citado Decreto.

NOVENO.- Tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente aplicable ao caso nos ocupa o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 3 de agosto de 2017 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 6/17 co seguinte tenor literal:

“

(...)

ASUNTO: INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN Á DOCUMENTACIÓN TÉCNICA APORTADA POLA INTERESADA E RELATIVA AO ERLU, ABERTO POR MOR DUNHAS OBRAS, REALIZADAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PECHER CON FRONTE AO CAMIÑO NO LUGAR DE “CARAMECHEIRO”, E QUE PECHA A PARCELA URBANA SITA NA AVENIDA DE A CORUÑA Nº 181, RIVEIRA, E QUE NON CONTAN CO PRECEPTIVO TÍTULO HABILITANTE.

INTERESADO: ELENA VIDAL VILA.

ANTECEDENTES:

a.- Con data de 12 de abril de 2017 e mediante Decreto de Alcaldía iníciase expediente de reposición da legalidade urbanística (nº 6/17) sobre as obras iniciadas de construción dun peche no lugar de Caramечеiro, as cales carecen do preceptivo sen título habilitante e sen respetar a aliñación obrigatoria establecida no PXOM.

b.- Con data de 21 de abril de 2017 (n.r.e.: 6544) dona Elena Vidal Vila, veciña de Santiago de Compostela, en con domicilio na rúa Frei Rosendo Salvado, presenta instancia acompañada de proxecto asinado polo arquitecto





técnico César Martínez Vila, para a legalización das obras de peche lateral de parcela sobre a que se empraza o inmueble nº 181 da avenida da Coruña.

b.- Examinado o contido do proxecto presentado, temos a ben de emitir o seguinte informe:

1.- Na planimetría aportada no proxecto figura o plano de emprazamento a escala: 1/300, e onde se reflicte a situación do peche en relación coa parcela, coa vivenda e o camiño ao que da fronte. Puido comprobarse, e despois de terse realizadas as oportunas medicións "in situ", que o plano non amosa a realidade dos feitos, resultando errónea a ubicación do peche, así como a distancia do predio con respecto ao camiño. De acordo con este plano e mantendo o peche na situación litixiosa actual cumpriría co aliñamento oficial, incluso de xeito folgado, posto que no plano confeccionado polo arquitecto técnico César Martínez Vila a distancia do actual peche con respecto ao eixo do camiño é de 4,20 metros, polo que de ser certa a configuración do presente plano a obra resultaría legalizable.

